



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E DEZ MINUTOS** do xoves día **TRECE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte formado por ela :

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria (urxente) de 24 de outubro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012

2.- EXPEDIENTES DE ALTA NO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR:

- Filomena Louzao Villamayor
- Gerardo Pena Castro
- Clara Esther Meijome Ares
- Aurora Framiñán Bascoy

3.- URBANISMO

- Licencia definitiva de actividade: Manuel Bouzada Rodríguez
- Licencia de primeira ocupación: Juan González Núñez

**4.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE OBRAS: APROBACIÓN DA
CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE
EQUIPAMENTO: VEHÍCULO DE CAIXA ABERTA BASCULANTE.**

**5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POZO DE PURÍN NO LUGAR DE
VIS, PARROQUIA DE RELAS.**

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria (urxente) de 24 de outubro de 2012
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012

A Xunta de Goberno Local acorda, deixar sobre a Mesa a aprobación, por non habelas leido tódolos membros da Xunta de Goberno Local.

2.- EXPEDIENTES DE ALTA NO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR:

2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Filomena Louzao Villamayor.

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Filomena Louzao Villamayor	Rúa Calzada, 14 - Bandeira - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda deixar sobre a Mesa** este expediente.

2.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Gerardo pena Castro.

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Gerardo Pena Castro	A Pena, nº 8 - Breixa - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de



xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Gerardo Pena Castro nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 02 de novembro de 2012.

2.3.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Clara Esther Meijome Ares.

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Clara Esther Meijome Ares	Paradela, 17 - Martixe - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Clara Esther Meijome Ares nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 02 de novembro de 2012.

2.4.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Aurora Framiñán Bascoy.

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 02 de novembro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Aurora Framiñán Bascoy	A Cruz, 24 - Chapa - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Aurora Framiñán Bascoy nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 02 de novembro de 2012.

3.- URBANISMO.

3.1.- MANUEL BOUZADA RODRIGUEZ. Licencia definitiva de actividade para apertura de local para dedicalo a mercería no baixo do edificio situado na rúa Progreso esquina coa Emilio Alonso Paz (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Licencia N° 870/10. Visto o expediente instruído a instancia de D° MANUEL BOUZADA RODRÍGUEZ, solicitando licenza para apertura de local para dedicalo a mercería, no baixo do edificio situado na rúa Progreso esquina coa Emilio Alonso Paz (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de maio de 2011 **acorda:**

“3.2.4.- Licencia N° 870/10. Visto o expediente instruído a instancia de D° MANUEL BOUZADA RODRÍGUEZ, solicitando licenza para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a mercería, no baixo do edificio situado na rúa José Antonio esquina con rúa Emilio Alonso Paz (Silleda), segundo proxecto básico e de execución suscrito polo arquitecto D° José Luis Rodríguez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 25 de febreiro de 2010, referencia VD101193,1 e dirección de obra do arquitecto redactor do proxecto, sin visar.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta.

RESULTANDO: Que con data 19 de maio de 2011 emítese informe xurídico e que con data 28 de abril de 2011, polo Arquitecto Técnico Municipal emítese informe no que se sinala:

“1. Segundo o especificado no Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, dedúcese que se trata de unha actividade excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, xa que a actividade para a que se solicita licenza encadra, a xuízo do técnico que suscribe, no apartado 3.3 do Anexo III do citado Decreto (comercio polo miúdo de textiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro).

2. O emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, segundo se aprecia do seu emprazamento no plano incluído na documentación técnica.



3. O solo onde se pretende a actividade, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do solo: SOLO URBANO.
- Calificación do solo: RESIDENCIAL.
- Ordenanza de aplicación: Sección 1ª, ordenanza E.C.: EDIFICACIÓN CERRADA

4. O uso que se pretende, é compatible con este tipo de solo, segundo o especificado no artigo 18 "Normas de uso" do P.X.O.M. de Silleda.

5.- Consta asemade, estudio básico de seguridade e saúde suscrito polo arquitecto Dº José Luis Rodríguez González visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 25 de febreiro de 2010, coa referencia VD101193,1

5. En relación ó cumprimento da normativa de accesibilidade vixente, o proxecto técnico presentado contén xustificación do cumprimento do R.D. 35/2000 do 28 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento da lei 8/1997 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia).

Polo que tendo en conta todo o especificado anteriormente, o técnico que suscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal de aplicación, polo que se informe favorablemente a solicitude, condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.
- b) Que a ubicación sexa a sinalada no proxecto."

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que

ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 04 de decembro de 2012, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Manuel Bouzada Rodríguez, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: *"Apertura de local para dedicalo a mercería no baixo do edificio situado na rúa Progreso esquina coa Emilio Alonso Paz (Silleda)"*

Certificación: *Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do arquitecto e director da execución da obra, Don Jose Luis Rodríguez González, de data 09-01-12, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de Febreiro de 2012, e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:*

Data: 17-Febreiro-2012.

Núm. de rexistro: 744

Titular da actividade: *Don MANUEL BOUZADA RODRÍGUEZ.*

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 12:00 horas do día 03 de Decembro do ano 2012, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose no baixo do edificio situado na rúa Progreso esquina coa Emilio Alonso Paz (Silleda), en presenza de Don Manuel Bouzada Rodríguez, con D.N.I. 35.290.174-D, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 17-febreiro-2012 e referida á licencia municipal nº 870/10 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 19-maio-2011.

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, e anexo o mesmo, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS.

A continuación examinase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedicalo a mercería no baixo do edificio situado na rúa Progreso esquina coa Emilio Alonso Paz (Silleda)"

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación



e o acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2011 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva a MANUEL BOUZADA RODRÍGUEZ, para Apertura de local para dedicalo a mercería no baixo do edificio situado na rúa Progreso esquina coa Emilio Alonso Paz (Silleda)

3.2.- Licencia de primeira ocupación de Juan González Núñez.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o escrito presentado por Don Juan González Núñez, de data 31 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada no Concello nº 3057, de data 04 de xuño de 2012), solicitando licencia de primeira ocupación para edificio composto de planta baixa para garaxe e local, dúas plantas altas para vivendas, unha vivenda por planta e planta baixo cuberta para trasteiros, a situar na Rúa da Feira, nº 8 - Bandeira (Silleda) e no que fai constar que “dicha edificación se ha construido de acuerdo con las especificaciones descritas en el proyecto redactado por el Arquitecto D. Antonio Albacete Giménez, y que sirvió de base para la obtención de la licencia municipal de obras, coñecida por el Excmo. Ayuntamiento de Silleda, en fecha 15 de diciembre de 2005, número de licencia 4.774/05, del que fue Director de Obras D^a Paloma Mourín Vázquez”.

Visto que con data 10 de decembro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 10 de decembro de 2012, segundo así consta no informe técnico.

Visto que con data 10 de decembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

Solicitante	Juan González Núñez		
Data de rexistro	4/06/2012	Nº 3057	Data escrito 31/05/2012
Solicita	Licenza de primera ocupación		
Emprazamento	Rúa da Feira, nº 8, A Bandeira		
Referencia Catastral	7113803NH5371S0001OT (parcela)		
Autor do Proxecto	Antonio R. Albacete Giménez, arquitecto col. nº 1561		

<i>Proxecto</i>	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial o 16.11.2005</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Antonio R. Albacete Giménez, arquitecto col. n° 1561 (renuncia con r.e. 1169 de 3.MAR.2012) e Paloma Mourín (oficio de dirección con r.e. n° 1594 de 29.MAR.2012)</i>
<i>CFO Dirección</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial 28.05.2012</i>
<i>Dirección de Execución</i>	<i>José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico col. PR 210</i>
<i>CFO Direc. Execución</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>137.409,90 €</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 **Planeamento do Concello de Silleda**

16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.



- 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 17 Normativa técnica estatal e autonómica de aplicación aos proxectos de edificación:
 - 17.1 Decreto 462/71 do Ministerio da Vivenda
 - 17.2 Normas da Presidencia do Goberno, Mº de Vivenda, Mº Obras Públicas e Xunta de Galicia
 - 17.3 Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación.
 - 17.4 R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación
 - 17.5 NCSR-02 Norma Sismo resistente
 - 17.6 EHE e EFHE referente a estruturas e forxados de formigón
 - 17.7 Decreto 232/1993, de Control de Calidade en Galicia
 - 17.8 Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro
 - 17.9 R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción
 - 17.10 Normativa vixente en materia de produción e xestión de residuos
 - 17.11 R.D. 1751/1988. R.I.T.E. Instalacións térmicas.
 - 17.12 Real Decreto-Lei 1/1998, do 27 de febreiro, de infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicacións e Real Decreto 401/2003.
 - 17.13 R.D. 842/2002, do 2 de agosto, Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e instrucións técnicas complementarias
 - 17.14 R.D.2291/85, de 8 de Novembro; R.D.836/2003, do 27 de Xuño; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellaría de Traballo, Industria e Turismo e

Decreto 204/94, do 16 de Xuño, sobre grúas-torre.

17.15 Real Decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o Procedemento básico para a certificación enerxética de edificios de nova construción.

17.16 Decreto 174/2005, do 9 de xuño, sobre a produción e xestión de residuos.

18 Concordantes

INFORME TÉCNICO

ASUNTO: *Solicitud de Licenza de Primeira Ocupación interesada por D. Juan González Núñez, segundo escrito de data 4/6/2012, Rexistro de Entrada Nº 3057, para o edificio de planta baixa para garaxe e local comercial e dúas plantas altas para dúas vivendas e rochos sito no Rúa da Feira, nº 8, A Bandeira, Silleda,*

Emítese o presente informe en base ao artigo 195.2 e 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións, e do capítulo VI da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e do artigo 12.2 do Decreto 28/1999, do 21 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

INFÓRMASE:

I. Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local acordou en sesión de data 15/12/2012 conceder a licenza urbanística da obra arriba indicada, en base ao Proxecto básico e de execución para a construción de edificio de planta baixa para garaxe e local comercial e dúas plantas altas para dúas vivendas e rochos sito na Rúa da Feira, nº 8, A Bandeira, Silleda, redactado polo arquitecto Antonio Albacete Giménez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 16 de novembro de 2005.

Constan no expediente relativo á concesión da licenza de obra da edificación arriba indicada, entre outra documentación, os informes técnicos.

Xunto co escrito de data 31 de maio de 2012, Rexistro de Entrada Nº 3057 de 4 de xuño de 2012, polo que se solicita licenza de 1ª ocupación, foi aportada a seguinte documentación:

CERTIFICADO FINAL DE OBRA

- Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto Antonio R. Albacete Giménez, arquitecto col. nº 1561 (renuncia con r.e. 1169 de 3.MAR.2012) e Paloma Mourín (oficio de dirección con r.e. nº1594 de 29.MA.2012) e arquitecto técnico José Pereiras Sánchez) e visado polos respectivos Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 28-maio-2012 e polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra.*
- Liquidación final de obra, asinada pola directora da obra e polo dirección*



de execución de obra, por un importe de 137,400,90 €.

BOLETINS-CERTIFICADOS ASINADOS POLOS INSTALADORES DE:

- *Certificado de instalación individual de gas: Instalador autorizado IG-IV-C-358-C-159.*
- *Boletins de instalacións de fontanería: Instalador autorizado PO-1479.*
- *Certificado de instalación eléctrica: Instalador autorizado PO-557.*
- *Certificación de instalación de auga quente sanitaria e calefacción. Con nº de rexistro de expediente 254/09.*
- *Non consta certificado de inspección de baixa tensión.*
- *Non consta Certificado de chimeneas.*

II. Consideracións técnicas:

Ao abeiro do artigo 195.6: "Para outorga-la licencia de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licencia outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais"

a) Documentación aportada

Consta no expediente o certificado final de obra suscrito polos técnicos directores da mesma, documento aportado en data 4 de Xuño de 2012, visado polo C.OAG. en data 28 de Maio de 2012, polo tanto, a edificación obxecto deste informe estaría rematado.

b) Proxecto técnico obxecto da licenza urbanística de construción de data 15/12/2012:

Á vista do exposto no apartado anterior, resulta que a obra executada axústase ao proxecto técnico e documentación que foi obxecto da licenza de obra no seu día, salvo erro ou omisión involuntaria, cando menos nos aspectos arriba indicados.

III. Visita de comprobación:

No termo municipal de SILLEDA, parroquia de SILLEDA, na localidade de SILLEDA, persónase ás 11:00 horas do día 9 de outubro de 2012, este arquitecto, en calidade de asesor técnico do Concello de Silleda, persóase no número 8 da Rúa da Feira de A Bandeira, atopándose, en presenza de don Juan González Núñez (con D.N.I. 76.817.274-B) que actúa en representación propia como promotor das obras, e efectúan a visita de comprobación demandada polo interesado.

IV. Conclusións:

Por todo o anteriormente exposto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o facultativo que subscribe, procede indicar que non foron apreciadas modificacións na obra executada con respecto ao proxecto licenciado, polo que se informa favorablemente a solicitude".

A Xunta de Goberno Local de conformidade co informe técnico, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO. Conceder a licenza de primeira ocupación do edificio sito na Rúa da Feira, nº 8 - A Bandeira (Silleda) que consta de planta baixa para garaxe e local comercial e dúas plantas altas para dúas vivendas e rochos a favor de Juan González Núñez.

SEGUNDO. Que por intervención se proceda a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ó interesado.

Incorpórase á sesión nestes momentos a Interventora do Concello.

4.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE OBRAS: APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: VEHÍCULO DE CAIXA ABERTA BASCULANTE.

Dase conta da proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 10 de decembro de 2012, sobre xustificación da subvención para adquisición de equipamento: vehículo de caixa aberta basculante, que literalmente di:

“ASUNTO.- Xustificación da subvención para ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: VEHÍCULO DE CAIXA ABERTA BASCULANTE.

Orde de 4 de maio de 2012 polo que se regulan a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental. Liña en cocurrencia non competitiva(artigo. 4.1.a). (Conse/lería de Presidencia, Admón Públicas e Xustiza)

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN: 40.198,49 €

Data da resolución: 28/06/2012

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE OBRAS E SERVIZOS PARA LEVAR A APROBACIÓN EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ACORDAR EN XGL:

APROBAR A CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTA ENTIDADE AO ABEIRO DA ORDE POLA QUE SE REGULAN OS CRITERIOS DE REPARTICIÓN E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL, FACENDO CONSTAR QUE:



-Se cumpriu a finalidade da subvención

-Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada son os que se refieren a continuación:

ACREEDOR	CONCEPTO	Nº FACTURA	IMPORTE	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECIMENTO OBRIGA
DITRAM SLU	Vehículo Novo Sprinter Chasis Cabina 513 cdi	3807/12	40.198,49	29/08/2012	10/10/2012

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, segundo a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, de data 10 de decembro de 2012, por unanimidade dos presentes **aproba:**

ASUNTO.- Xustificación da subvención para ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: VEHÍCULO DE CAIXA ABERTA BASCULANTE.

Orde de 4 de maio de 2012 polo que se regulan a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental. Liña en cocurrencia non competitiva (artigo. 4.1.a). (Consejería de Presidencia, Admón Públicas e Xustiza)

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN: 40.198,49 €

Data da resolución: 28/06/2012

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE OBRAS E SERVIZOS PARA LEVAR A APROBACIÓN EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro da orde pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións do fondo de compensación ambiental, facendo constar que:

-Se cumpriu a finalidade da subvención

-Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada son os que se refieren a continuación:

ACREEDOR	CONCEPTO	Nº FACTURA	IMPORTE	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECEMENTO OBRIGA
DITRAM SLU	Vehículo Novo Sprinter Chasis Cabina 513 cdi	3807/12	40.198,49	29/08/2012	10/10/2012

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POZO DE PURÍN NO LUGAR DE VIS, PARROQUIA DE RELAS.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa sobre o pozo de purín, no lugar de Vis, parroquia de Rellás (Silleda) que se transcribe:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBOR O POZO DE PURÍN DO LUGAR DE VIS RELAS

ANTECEDENTES.- *Con data 3 de agosto de 2012, a xunta de goberno local adoptou, entre outros, o seguinte acordo: Vistos os informes xurídicos e técnicos emitidos a requerimento da alcaldía, segundo os cales a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellás, por D. Manuel Rey Sánchez, sen a oportuna licenza ou orde de execución, non pode ser legalizada por non cumprir os retranqueos establecidos no PXOM, A Xunta de goberno local adopta o seguinte acordo:*

PRIMEIRO: *Incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras que se realizaron no lugar de Vis, parroquia de Rellás, por D. Manuel Rey Sánchez sen a oportuna licenza ou orde de execución, consistentes na construción de unha fosa de purín.*

SEGUNDO- *Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, procedería decretar a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requirindo a tal efecto a D. Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición.*

TERCEIRO- *Notificar este acordó aos interesados, D. Manuel Rey Sánchez e D. Julio Abel Fernández Sánchez, concedéndolles un prazo de 15 días para formular alegacións e presentar cantos documentos e probas estimen pertinentes.*

SEGUNDO: *Con data 5 de setembro de 2012, foille notificada dita*

resolución a don Manuel Rey Sánchez e máis a don Julio Abel Fernández Fernández.

TERCEIRO.- *Don Julio Abel Fernández Fernández non formulou alegacions no prazo concedido.*

Don Manuel Rey Sánchez presentou con data 21 de setembro de 2012 (rex. entrada 5001) escrito de alegacions ao que acompaña fotocopia dos seguintes documentos: testamento, certificado de defunción , certificado de actos de última vontade, e liquidación do imposto de sucesións de don Antonio Rey Colmeiro (pai do alegante); compra de dereitos hereditarios entre don Manuel Rey Sánchez (adquirente) e don José Rey Sánchez, (vendedor); título de concentración parcelaria a nome de don Antonio Rey Colmeiro correspondente a finca N° 684 do plano de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas , e informe pericial elaborado por don Guillermo Atán Jurjo.

Neste escrito de alegacions, manifesta:

- A) Que existen varias sentenzas sobor a fosa de purín. Que ningunha destas sentenzas entrou no fondo do asunto, que sólo condean ao concello de Silleda a incoar un expediente de reposición da legalidade.*
- B) Que a fosa de purín está dentro da propiedade do sr. Rey Sánchez, segundo acreditan con informe pericial de o enxeneiro técnico agrícola don Guillermo Atán Jurjo . Que varios veciños do lugar de Vis testificaron nos procedementos xudiciais que o depósito está en liña coa edificación e fora do camiño*
- C) Que este depósito constrúese no ano 1976. Que no ano 1996 só se executou o teito do depósito. Que a antigüidade do depósito é moi anterior a o ano 1998, segundo acredita o informe do perito sr. Atán Jurjo.*

E conclúe dicindo:

- Que a infracción prescribeu.*
 - Que o acordo da xunta de goberno local é nulo de pleno dereito porque aplícase a LOUGA e non o da ley 1/1997 do solo de Galicia.*
 - Que o acordo da xunta de goberno local é nulo de pleno dereito porque é competente a alcaldesa para a adopción do mesmo.*
- SOLICITA que se estimen as alegacions e que se acorde o arquivo deste expediente.*

CUARTO: *Que a requirimento de esta alcaldía emiteuse informe xurídico pola asesora externa deste concello, no que conclúe:*

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: *As alegacions presentadas deben ser desestimadas polo seguinte:*

1ª- A lexislación que resulta de aplicación ven fixada na sentenza que se está a executar, na que se di, que é de aplicación ao caso o artigo 209 e seguintes da LOUGA; lexislación que a sentenza do TSX tamén considera de aplicación (fundamento xurídico 1 e 8).

2ª- Non pode aceptarse a existencia de prescripción da infracción xa que a propia sentenza non acolle esta excepción aludindo á falta de probas, e apuntando que ben podería tratarse dunha actividade de carácter continuado "cuyo plazo de prescripción comenzaría a la finalización de dicha actividad". No informe pericial adxuntado dise: "trátase dun depósito para a recollida de puríns das cuadras da súa propiedade, sito no lugar de Vis, do Concello de Silleda" o que é ven a acreditar que se trata dunha actividade continuada.

Asemade a prescripción debe ser probada pola parte que a alega ,o cal, evidentemente ,non sucedeu no presente suposto.

3ª- Non existe nulidade de pleno dereito xa que a normativa de aplicación, ven fixada na propia sentenza, sendo de aplicación a LOUGA.

4ª- Non existe incompetencia da xunta de goberno local, xa que a sra. Alcaldesa - presidenta deste concello de Silleda delegou as competencias de urbanismo que ope legis ten atribuídas, na xunta de goberno local, en data 4 de xullo de 2011, dando conta ao pleno desta delegación de competencias o día 8 de xullo de 2011.

QUINTO: *Don Julio Abel Fernández Fernández en data 5 de novembro con número de rexistro 5771 presentou escrito no que solicita se lle teña por parte neste procedemento e se lle de traslado de cantas actuacións se leven a cabo no presente procedemento.*

SEXTO: *A vista de todo o exposto e do contido do informe xurídico, proponse a xunta de goberno local:*

PRIMEIRO: *Desestimar as alegacions formuladas por don Manuel Rey Sánchez, polos seguintes motivos:*

1ª- A lexislación que resulta de aplicación ven fixada na sentenza que se está a executar, na que se di, que é de aplicación ao caso o artigo 209 e seguintes da LOUGA; lexislación que a sentenza do TSX tamén considera de aplicación (fundamento xurídico 1 e 8).

2ª- Non pode aceptarse a existencia de prescripción da infracción xa que a propia sentenza non acolle esta excepción aludindo á falta de probas, e apuntando que ben podería tratarse dunha actividade de carácter continuado "cuyo plazo de prescripción comenzaría a la finalización de dicha actividad". No informe pericial adxuntado dise: "trátase dun depósito para a recollida de puríns das cuadras da súa



propiedade, sito no lugar de Vis, do Concello de Silleda" o que ven a acreditar que se trata dunha actividade continuada.

Asemade a prescripción debe ser probada pola parte que a alega ,o cal, evidentemente, non sucedeu no presente suposto.

3º- Non existe nulidade de pleno dereito xa que a normativa de aplicación, ven fixada na propia sentenza, sendo de aplicación a LOUGA.

4º- Non existe incompetencia da xunta de goberno local, xa que a sra. Alcaldesa - presidenta deste concello de Silleda delegou as competencias de urbanismo que ope legis ten atribuídas, na xunta de goberno local, en data 4 de xullo de 2011, dando conta ao pleno desta delegación de competencias o día 8 de xullo de 2011.

SEGUNDO: *Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requirindo a tal efecto a don Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición no prazo de un mes, advertíndoo que de non presentalo no prazo fixado, a sra. alcaldesa ordeará a demolición da fosa de purín a costa do sr. Rey Sánchez.*

TERCEIRO: *Notificar este acordo a don Manuel Rey Sánchez e don Julio Abel Fernández Fernández, reiterando que o expediente pode ser consultado nas oficinas de urbanismo deste concello onde poderán obter as copias que precisen, e concedéndolles un prazo de dez días para formular alegacións a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 209.3 da LOUGA."*

Visto que pola Alcaldesa incorpora á sesión informe emitido pola asesora xurídica externa Doña Carmen González Gómez, de data 19 de novembro de 2012, que se transcribe:

"De acordo co ordeado pola alcaldesa en providencia de data 30 de outubro de 2012, notificada o 10 de novembro ,emito o seguinte,

INFORME- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. *Consta neste Concello a sentenza dictada polo xulgado do contencioso-administrativo Nº1 de Pontevedra en sede de recurso ordinario Nº 389/2009, sobor a construción dunha fosa de purín no lugar de Vis (Rellas), obra executada SEN LICENZA MUNICIPAL por don Manuel Rey Sánchez, cuio fallo, literalmente, di:*

"Procede estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador Sr. Rivas Gandásegui, en representación de D. Julio Abel Fernández Fernández y en consecuencia declarar la nulidad de la resolución

presunta recurrida al no resultar ajustada a derecho, condenando al Concello a incoar y tramitar expediente de reposición de la legalidad urbanística respecto de los hechos a que se refieren los escritos de fechas 10-7-2008, 4-5-2009 y 16-6-2009, todo ello sin expresa condena en costas"

Sentenza ratificada pola sección 2º do TSXde Galicia, sentenza xa firme.

SEGUNDO. *Consta neste concello e así se recolle na sentenza a executar:*

1º- Que con data 28-09-2000 don Julio Abel Fernández Sánchez, presentou escrito ante o concello de Silleda interesando se proceda á revisión da construción por don Manuel Rey Sánchez dun pozo séptico para determinar se cumpre ou non, coas normas urbanísticas do concello, e, en caso contrario se proceda a ordear a súa demolición.

2º- Con data 23-05-2001 emítese informe polo técnico municipal no que se manifesta que as normas urbanísticas do plan xeral vixente dende o ano 1981 establecen uns retranqueos os efectos de poder edificar, que non se cumpren na construción do pozo séptico citado.

3º- Con data 3-10-2006 acordase tramitar o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística contra don Manuel Rey Sánchez.

4º- Con data 30-12-2002 dictase de decreto de alcaldía polo que se ordear a don Manuel Rey Sánchez que proceda a facer efectiva a execución das obras de derribo deste depósito ilegal.

5º- Con data 8-05-2003 dictase resolución polo concello incoando novo expediente de reposición da legalidade urbanística contra don Manuel Rey Sánchez pola presunta infracción urbanística consistente en construción dun depósito de purín sin contar coa preceptiva licenza municipal e ocupando terreos de dominio público no lugar de Vis (Rellas)

6º- Con data 11-1-2005 dictase resolución acordando iniciar os trámites oportunos para levar a cabo a demolición solicitada, reiterando tal orden por resolución de data 20-09-2005.

Contra esta última resolución interpúxose por don Manuel Rey Sáchez recurso contencioso-administrativo, dictándose sentenza polo xulgado do contencioso-administrativo Nº3 de Pontevedra en data 18-9-2007 pola que se estima o recurso .e se declara a nulidade da resolución impugnada .por entender caducado o procedemento de reposición da legalidade urbanística. Sentanza confirmada polo TSX de Galicia.

7º.- Con data 10-7-2008; 4-5-2009 e 16-6-2009 don Julio Abel Fernández



Sánchez presenta escritos interesando se proceda a tramitar os oportunos expedientes da legalidade urbanística, escritos que non foron contestados polo concello de Silleda.

TERCEIRO. *Con data 15 de marzo de 2012 a xunta de goberno local acorda:*

- *Dar traslado do expediente aos servizos xurídicos do concello a fin de que se notifique ao xulgado do contencioso-administrativo Nº1 de Pontevedra a recepción do expediente administrativo.*
- *Se inicien os trámites necesarios para incoar expediente de reposición da legalidade con respecto á fosa de purín obxecto de litixio, e se procede, incoar expediente sancionador.*

